



RESOLUCION DA XERENCIA DE XESTION INTEGRADA DA CORUÑA POLA QUE SE CONVOCA PROCEDEMENTO DE MOBILIDADE VOLUNTARIA PROVISIONAL NO ÁMBITO DA ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DE XESTIÓN INTEGRADA DA CORUÑA.

Con data 27 de xaneiro de 2017 asinouse Acordo entre a Xerencia de Xestión Integrada da Coruña e os representantes dos traballadores das centrais sindicais CCOO, CISM-OMEGA, CIG, SAE e UXT co obxecto de regular os procesos de mobilidade voluntaria provisional dentro do ámbito territorial da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Área Sanitaria de A Coruña.

En consecuencia, esta Xerencia, no uso das atribucións que ten conferidas mediante Decreto 43/2013, do 21 de Febreiro (DOG núm. 47, do 7 de marzo) polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, modificado polo Decreto 111/2013 do 4 de xullo (DOG núm. 140 do 24 de xullo) e na Orde de 22 de xullo de 2011 pola que se desenvolve a estrutura organizativa de xestión integrada da Coruña así coma na Orde do 5 de xullo de 2012 (DOG núm. 139, do 20 de xullo) sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde

RESOLVE

Convocar proceso de mobilidade voluntaria provisional no ámbito da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Área Sanitaria de A Coruña que se rexerá polo establecido na presente convocatoria e no Acordo do 27 de Xaneiro de 2017, con suxeición ás seguintes normas:

Primeira: Solicitudes e acreditación de méritos

As solicitudes para participar no proceso dirixiranse ao Xerente de Xestión Integrada da Coruña e axustaranse necesariamente ao modelo normalizado existente ao efecto na Oficina Virtual do Profesional (Fides/expedient-e/Sección de Procesos), unha vez cuberta a solicitude confirmárase electrónicamente e farase constar na mesma os destinos solicitados.

A solicitude deberá imprimirse e asinarse e será requisito imprescindible formalizar o rexistro administrativo mediante a súa presentación por duplicado dentro do correspondente prazo preferentemente nos rexistros da Xerencia de Xestión Integrada sitos no Hotel de Pacientes, no Hospital Abente e Lago e Hospital de Cee. Así mesmo poderán presentarse en calquera dos rexistros determinados na Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo común das administracións públicas

Os participantes poderán solicitar destino provisional nos Centros que aparecen reflectidos no modelo de solicitude para ser incluídos nunha listaxe que estableza a orde de prelación para o caso de cobertura temporal dunha praza nos termos e condicións contemplados no Acordo de 27 de xaneiro de 2017.

Non se admitirán as solicitudes que conteñan emenda, marca ou riscada no formulario de participación e petición de prazas así como en calquera dos documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos de participación.

O acceso a FIDES desde a intranet do Servizo Galego de Saúde, realizarase mediante o código de usuario e contrasinal que os/as profesionais en activo xa teñen asignado e utilizan habitualmente para acceder ao resto de funcionalidades do sistema.

As condicións e requisitos de participación, así como o baremo e méritos, que rexen na presente convocatoria son os recollidos no Acordo de Mobilidade provisional do 27 de xaneiro, que se publica como Anexo II. Asemade, ao tratarse da primeira convocatoria do procedemento de mobilidade provisional, ofértanse no Anexo I as vacantes existentes nos distintos Centros, ate a data desta publicación.

Prazo de presentación de solicitudes e da inclusión de méritos

O prazo de presentación de solicitudes e de inclusión de méritos para o presente procedemento no Expediente electrónico **abranguerá dende o día 14 de febreiro de 2017 ata o día 7 de marzo de 2017 (ambos inclusive)**. Os méritos valoraranse con referencia ao día inmediatamente anterior, inclusive, ao da publicación desta convocatoria. Tales méritos deberán estar debidamente rexistrados no sistema informático FIDES/ expedient-e e acreditados documentalmente pola persoa interesada na data límite de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Non serán obxecto de valoración neste procedemento de mobilidade voluntaria provisional ningún mérito inserido no sistema informático e/ ou acreditado polos participantes con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.

Procedemento de rexistro electrónico e acreditación de méritos

Para o rexistro electrónico e acreditación de méritos, os aspirantes procederán da seguinte forma:

Accederán a través de FIDES ao expediente electrónico do profesional e comprobarán os datos do seu currículo baremables no presente procedemento que constan rexistrados na aplicación informática, así como o seu estado.

Se non consta ningunha información ou está incompleta, o profesional rexistrará no sistema os méritos que posúe para os efectos da súa valoración neste procedemento, ata o último día do prazo de presentación de solicitudes, inclusive. Logo de rexistrados, deberá imprimir a solicitude de validación destes, que estará dispoñible na aplicación informática no epígrafe de "informe".

As solicitudes de validación xunto coa documentación acreditativa dos méritos dirixiranse á Unidade do Expedient-e sita no Hotel de pacientes e poderá presentarse ata o último día



do prazo de presentación de instancias en réxime administrativo ou a través de calquera dos procedementos que se indican na presente base.

O/a participante no presente procedemento non terá que presentar ningunha documentación acreditativa de méritos que xa consten validados na aplicación informática.

En caso de dúbida sobre o desenvolvemento do presente proceso no Espazo do Profesional prestarase o asesoramento que fose preciso así como equipos informáticos aos efectos de facilitarlles o acceso aos participantes que non dispoñan dos ditos medios.

Segunda: Publicación

A presente convocatoria, o Acordo que establece as bases reitoras da mesa, así coma cantas resolucións e actos administrativos derivados da mesma deban ser notificados aos interesados/as serán publicados no taboleiro de anuncios da Xerencia de Xestión Integrada do Hotel de Pacientes e na web do espazo do profesional desta Estrutura e no taboleiro de anuncios da Dirección do Hospital de Cee.

Contra a presente resolución, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co previsto no artigo e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo común das administracións públicas.

A Coruña a 13 de febreiro de 2017


O Xerente da Xerencia de Xestión Integrada de A Coruña

Asdo.: Francisco José Vilanova Fraga



DILIXENCIA, que se expide para facer constar que a presente resolución foi publicada no taboleiro de anuncios da Xerencia e na páxina web do Espazo do profesional da Xerencia de Xestión Integrada de A Coruña o día 13 de Febreiro de 2017.

O Director de Recursos Humanos



Asdo.: Antonio José Fernández Paniagua